

## ORDENANZA DA RENDA SOCIAL DE GARANTÍA MÍNIMA E DAS AXUDAS PARA A RECUPERACIÓN EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

---

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de ter uns ingresos mínimos para poder levar a cabo unha vida con dignidade e poder sacar adiante a fillos e fillas é o que fai necesaria a elaboración dunha ordenanza na que se recolla a posibilidade de ter dereito a unha prestación periódica que dé unha estabilidade, tan precisa para previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social dada a realidade existente, na que a falla de traballo ou os traballos precarios con escasas retribucións fan que emerxan desigualdades e contextos de precariedade que a Administración ten a obriga de evitar e cando menos de paliar.

Asemade, tamén hai que contemplar aquelas situacións nas que xorden necesidades concretas para as que se precise algunha axuda económica de carácter extraordinario e puntual, motivo polo que se regulan as axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social.

Así, artelladas como prestacións para garantir mínimos de subsistencia e dar unha estabilidade apoiando os procesos de inclusión que se poidesen estar a dar en cada situación, recolléñse a renda social de garantía mínima, regulada nos Títulos do I ao IV, e as axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social, desnvolidas no Título V da presente ordenanza.

A base fáctica destas axudas podemos atopala na **Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia** que determina que *“mediante a presente lei os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e esixible o dereito de todas as persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social”*; entendéndose, no **artigo 2**, por servizos sociais *“...o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega”*, mediante *“intervencións que permitan o logro dos obxectivos”* expresados no **artigo 3** da lei, entre os que figura expresamente o seguinte: *“a) Facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se encontren en situación ou en risco de exclusión social”*.

Por todo elo, o concello, como administración pública mais cercana á poboación, debe se-lo encargado de promover e garantir políticas de integración e normalización dos dereitos de toda a veciñanza, facilitando o acceso a recursos e servizos que lles permitan mellorar

a súa situación, evitando situacións de exclusión social.

## TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1. Réxime xurídico

1. As axudas ás que se refire esta ordenanza rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, reformada pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, modificada á súa vez pola sentenza do Tribunal Constitucional de 3 de marzo de 2016.

2. A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de renda social de garantía mínima rexerase polo disposto na presente ordenanza e polas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

### Artigo 2. Obxecto e finalidade destas axudas

1. A presente ordenanza ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión da renda de garantía mínima municipal e das axudas municipais de para a recuperación en situacións de emerxencia social reguladas no Título V, entendida a primeira como prestación periódica de natureza económica, subsidiaria da Renda de Inserción Social de Galicia, destinada a aquelas persoas integradas nunha unidade de convivencia cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario, co fin de previr, evitar ou paliar situacións de marxinação social.

Tamén se pode considerar susceptible de encadrar nesta ordenanza calquera situación de catástrofe sobrevida por accidente, incendio, inundación, afundimento ou calquera outra que sexa imprevisible e ante a que a persoa non dispoña de recursos para a súa solución.

2. A finalidade da renda é dar unha resposta ás necesidades das persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de risco de exclusión social para que poidan evolucionar cara á súa autonomía e integración social, dado que estas axudas son un apoio temporal.

## TÍTULO II PERSOAS BENEFICIARIAS DA RENDA SOCIAL DE GARANTÍA MÍNIMA

### Artigo 3. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco de exclusión

----

social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social.

En condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase preferencia no acceso á titularidade desta prestación a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia.

2. Para os efectos desta ordenanza municipal, enténdese por **unidade familiar de convivencia** as persoas que vivan soas ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco ata o 4º grao, por consanguinidade, ou ata o 2º grao, por afinidade.

Cando, por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha familia se vexa obrigada a residir con outra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente.

3. Enténdese como **factor de risco de exclusión social** algún dos referidos a continuación, cando supoña unha especial dificultade de integración social ou laboral:

- estar en situación de cargas familiares non compartidas
- estar nalgún proceso de rehabilitación social
- ter a condición de muller vítima de violencia de xénero
- ser vítima de violencia doméstica
- ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%
- ser inmigrante ou emigrante retornado
- proceder de institucións de protección ou reeducación de menores
- ser unha persoa sin fogar ou habitar nunha infravivenda
- pertencer a unha minoría étnica
- proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria
- estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima explotación sexual ou de trata
- ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual
- calquera outra situación que valorada polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa condicione negativamente a súa inclusión social e/ou laboral. Esta valoración someterase a unha **COMISIÓN TÉCNICA DE VALORACIÓN**, composta [pol@s](mailto:pol@s) traballadores/as sociais, a asesora xurídica do CIM ou a asesora xurídica de Servizos Sociais según o caso, e a persoa responsable máxima do departamento

#### **Artigo 4. Requisitos das persoas beneficiarias**

Serán requisitos necesarios para a concesión destas axudas:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado/a

----

b) Residir e estar empadroad/a no municipio de Ames de forma ininterrompida por un período mínimo de 3 meses inmediatamente anteriores á data da solicitude, coas seguintes excepcións:

- as vítimas de violencia de xénero que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.
- as persoas emigrantes galegas que proveñan do concello e fixen a súa residencia nel
- as persoas refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite, así como as que teñan autorizada a súa estancia por razóns humanitarias, sempre que en todos os casos cumpran o resto de requisitos para solicitar esta axuda.

c) Acreditar a situación de necesidade, situación que será valorada polo/a traballador/a social e integrada nun proceso de intervención social.

d) Achegar a documentación requirida en cada caso.

e) Aceptación expresa por parte do/a solicitante das condicións que figuran no proxecto de integración social.

f) No caso de ter expediente aberto nos servizos sociais, que a unidade familiar cumprira co plan de traballo e/ou seguimento establecido polos servizos sociais comunitarios básicos ou polo servizo especializado.

g) Non ser a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar propietarios ou usufrutuarios de bens inmobles, vehículos ou outros bens que, polas súas características, valoración, posibilidades de venda, ou calquera outra forma de explotación, indiquen de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para non atoparse en situación de necesidade e/ou risco de exclusión, agás a propiedade referente á vivenda destinada ao uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere en 10 anualidades o IPREM vixente para cada ano, referido a 14 pagas.

h) A unidade familiar de convivencia non poderá ter uns ingresos mensuais superiores ao 100% do IPREM vixente para cada ano, incrementado nun 10% por cada membro adicional desta, ata un máximo do 170%. Para o cómputo final dos ingresos descontaranse os alugueiros e hipotecas nunha cantidade ata un máximo de 350 euros. Para realizar unha valoración da situación económica da unidade familiar tomarase como período de referencia os 6 meses anteriores á data da solicitude.

## Artigo 5. Contía e duración da renda municipal de garantía mínima

A renda de garantía básica municipal ascenderá a unha suma variable en función do número de membros da unidade de convivencia coas seguintes contías:

Nº MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	CONTÍA BASE (% SOBRE IPREM)
1	100
2	110
3	120
4	130
5	140
6 ou máis	150

Da contía obtida restaranse todos os ingresos da unidade familiar, sendo o resultado final o importe da renda de garantía mínima (Renda municipal = contía base – ingresos da unidade de convivencia).

O límite máximo da contía da renda social de garantía mínima será o do 150 % do IPREM

Os prazos da renda municipal virán determinados na resolución de concesión e estarán vencellados a un proxecto de integración social, deseñado polos servizos sociais comunitarios básicos e orientado á mellora persoal e social da persoa beneficiaria e das que integran a unidade de convivencia, así como á súa autonomía, participación e integración normalizada no seu ámbito social, por períodos de 6 meses.

Sen prexuízo do anterior, cando se manteñan as condicións polas que se concedeu a renda social e se xustifique o cumprimento de obxectivos prorrogaranse ata alcanzar un máximo de 12 meses , previo informe social e mediante a correspondente resolución expresa que deberá estar motivada, ademáis de previa existencia de crédito orzamentario

## Artigo 6. Incompatibilidades

1. A renda social municipal será incompatible coa Renda de Inclusión Social de Galicia.
2. Non poderá outorgarse esta prestación para a cobertura de necesidades para as que, polo mesmo concepto, foran concedidas outras por distintas administracións ou organismos públicos. Exceptuarase deste último requisito se a axuda concedida non

solventase a necesidade, podendo neste caso complementarse dende esta administración.

3. Os ingresos, pensións e prestacións percibidas pola persoa solicitante e/ou o resto das persoas integrantes da unidade de convivencia, descontaranse do importe da renda social conforme có establecido nesta ordenanza

4. A percepción de prestacións para a cobertura de necesidades básicas será incompatible coa percepción da renda social.

### **Artigo 7. Obrigas**

Son obrigas da persoa beneficiaria:

- a) Cumprimento do disposto na resolución de concesión da renda social, incluído o proxecto de integración
- b) Permitir e facilitar a actuación dos Servizos sociais para avaliar a situación e comprobar a correcta utilización da axuda
- c) Comunicar ao concello, nun prazo máximo de 10 días, calquer variación que se produza na situación económica e familiar ( cambio de domicilio, modificación dos recursos económicos da unidade familiar, alteración da unidade de convivencia...)

## **TÍTULO III**

### **XESTIÓN E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DA RENDA SOCIAL DE GARANTÍA MÍNIMA**

#### **Artigo 8. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes, acompañadas pola documentación especificada no artigo seguinte formalizaranse, en calquer momento do ano, conforme ao modelo establecido no anexo deste regulamento, e presentarase no rexistro municipal correspondente ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

#### **Artigo 9. Documentación:**

1. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Orixinal e fotocopia para compulsar do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade. No suposto de estranxeiros/as, documento acreditativo da súa identidade.
- b) Orixinal e fotocopia para compulsar do libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación.
- c) Orixinal e fotocopia da sentenza de separación ou divorcio ou do convenio regulador

ou documento regulador das relacións paterno-filiais, se é o caso.

d) Certificado de empadramento e de convivencia no que conste a data de alta. O certificado será solicitado á oficina xeral municipal por parte dos servizos sociais do Concello.

e) Último recibo aboado do IBI e IVTM (no caso de ser titulares de bens). O certificado será solicitado á oficina de recadación por parte dos servizos sociais do Concello.

f) Copia do contrato de alugueiro ou do préstamo hipotecario, e os últimos xustificantes de pagamento.

g) Xustificación de ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar que se atopen en idade laboral. Para esta xustificación compre presentar a seguinte documentación acreditativa:

- Follas de salario do ano en curso de todos os membros da unidade familiar que perciban haberes.

- Certificación de percibir ou non prestacións económicas por parte do Servizo Público de Emprego.

- Certificación de percibir ou non prestacións ou pensións por parte da Seguridade Social.

- Autorización ó Concello de Ames para acceder ós datos tributarios debidamente asinada por tódolos membros que formen parte da unidade familiar de convivencia ou certificación dos mesmos expedida pola axencia tributaria.

- Extracto das entidades bancarias nas que confiasen as contas ou depósitos sobre os movementos bancarios existentes nos 6 meses anteriores á petición da axuda

- Naqueles casos nos que non acheguen a documentación específica sinalada sobre os ingresos, solicitarase declaración responsable.

h) Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto polas distintas administracións públicas competentes ou institucións privadas.

i) No caso de padecer enfermidade, informe médico emitido polo sistema público de saúde que acredite tal circunstancia.

j) Certificado de grao de discapacidade e/ou grao de dependencia, se é o caso.

k) Documentación acreditativa da situación de necesidade determinantes da solicitude. Esta documentación debe ser orixinal, así como o xustificante do custo ou orzamento nos casos que proceda.

l) Certificación da conta bancaria na que deba efectuarse o ingreso, de ser o caso.

m) Calquer outra documentación que se considere pertinente para avaliar a situación de vulnerabilidade social e/ou situación de risco de exclusión, concretamente a que acredite a un colectivo considerado en risco de exclusión pola normativa autonómica vixente en cada momento

2. O informe social correspondente será elaborado polos/as traballadores/as sociais dos



servizos sociais comunitarios básicos. Nel valorarase e verificarase se os datos presentados se axustan aos requisitos establecidos na presente ordenanza e, ademais, terá que conter a proposta de concesión ou denegación da axuda. O informe social será preceptivo e vinculante.

3. Para determinar os ingresos a partir dos que proceda o recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos de toda a unidade familiar. Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outro título, nos 6 meses anteriores á data da solicitude, así como os ingresos procedentes das pagas extraordinarias das pensións e salarios. Terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, e concretamente, a parte xeral e especial da base imponible. Cando non proceda a declaración ou non sexa obrigatorio realizala, acreditaranse os ingresos por certificacións dos organismos correspondentes e, no seu defecto, por declaración xurada.

Non se considerarán como recursos económicos:

- os ingresos non regulares de escasa cuantía que únicamente resulten un complemento de supervivencia
- os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada
- os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só se remuneran os gastos de desprazamento ou incentivan a formación
- as prestacións familiares por fillo ou filla menor a cargo

## **Artigo 10. Procedemento para a concesión da axuda**

1. Presentada a solicitude conforme ao establecido no artigo 8 e acompañada da documentación establecida no artigo 9, serán os servizos sociais quen reciba o expediente e comprobe que a solicitude está completa.

2. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de 10 días, emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento.

3. Os servizos sociais do Concello de Ames realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, procederán á avaliación das solicitudes e emitirán o corresponde informe social sobre a procedencia ou non da prestación e, se é o caso, o proxecto de integración social personalizado.



4. A proposta de concesión ou denegación será elevada ao órgano competente para a posterior resolución, que deberá axustarse necesariamente ás características establecidas no presente regulamento.

5. A concesión das prestacións reguladas na presente norma, está limitada pola dispoñibilidade orzamentaria establecida nos orzamentos do Concello de Ames nos exercicios a que se imputen aos gastos. Por tanto, a concesión de axudas ao abeiro deste regulamento supeditarase en todo momento ao crédito dispoñible existente na aplicación orzamentaria de imputación do gasto; se ben, de esgotarse a partida prevista, se procederá a transferir creto desde aquelas outras que sexa posible para poder atender a demanda das persoas con dereito a acceder aos beneficios desta ordenanza.

### **Artigo 11. Resolución e notificación**

1. As solicitudes contempladas neste regulamento serán resoltas pola alcaldía, concedendo ou denegando a prestación solicitada, sen prexuízo das delegacións que poidan autorizarse, de acordo co previsto na citada norma..

2. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas no domicilio que figure no expediente a efectos de notificacións. A resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición no prazo dun mes, ou ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

3. En calquera caso, o Concello de Ames denegará a prestación solicitada cando, aínda reunindo o/a solicitante todos os requisitos necesarios para acceder á esta, se esgotara a correspondente aplicación orzamentaria.

## **TÍTULO IV XESTIÓN ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN**

### **Artigo 12. Pagamento das axudas**

1. Dacordo co previsto no artigo 34.4 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e en atención ao seu carácter social, o pagamento das axudas reguladas nesta Ordenanza se tramitará como un pago anticipado que requirirá da solicitude da persoa interesada e do previo informe de avaliación dos servizos sociais do Concello.

2. A necesidade de resposta económica á situación de emerxencia pode esixir o pago

urxente, sen cuxa realización inmediata resulte ineficaz a concesión. A apreciación ou non da urxencia constará na proposta e resolución do expediente.

3. Nos procedementos ordinarios, o primeiro pagamento deberá efectuarse no prazo máximo dun mes dende a data de resolución. Non obstante, e sempre que o/a traballador/a social que informe a solicitude o considere absolutamente necesario, o pagamento efectuarase no prazo máximo de 72 horas.

4. En ambos casos, o pagamento materializarase mediante transferencia bancaria a unha conta titularidade do interesado/a ou, no seu defecto, mediante talón nominativo, que terá como librado ao/á interesado/a (modalidade de “pagamento directo”) ou, sempre que o informe social así o apoie, á persoa ou entidade prestadora do servizo bonificado ou ben (modalidade de “pAgamento delegado”)

5. Os prazos de pagamento indicados neste artigo quedan supeditados ao seu reflexo no plan de disposición de fondos que aprobe a alcaldía, a proposta da Tesourería, de acordo co disposto no artigo artigo 187 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

### **Artigo 13. Xustificación das axudas**

A renda social de garantía mínima xustificarse por medio dos informes de seguimento favorables do proxecto de integración emitidos polos servizos sociais municipais , dentro do prazo de 2 meses posteriores a cada pagamento.

### **Artigo 14. Suspensión, revisión e extinción**

A renda social de garantía mínima poderá ser revisada, suspendida ou extinguida no caso de existir indicios obxectivos de terse perdido, temporal ou definitivamente, os requisitos para a súa concesión, ou para o suposto de incumprirse algunha das obrigas previstas nesta ordenanza e no resto da normativa de aplicación

A revisión, suspensión e /ou extinción farase previa a audiencia da persoa interesada, seguindo o establecido para o procedemento administrativos

### **Artigo 15.Reintegro e réxime sancionador.**

1. A ocultación ou falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.

2. Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento do proxecto de integración.
- b) Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou o incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.
- c) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión

3. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio polos servizos sociais municipais, e rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidos no Título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo presente en todo momento a Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O órgano competente para adoptar a resolución de reintegro será o órgano que concedeu a prestación., sendo a resolución motivada, con indicación da contía que debe reintegrarse e o prazo voluntario para o seu ingreso.

A obriga de reintegro será independente das sancións que, no seu caso, resulten esixibles.

## TÍTULO V

### DAS AXUDAS PARA A RECUPERACIÓN EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

#### **Artigo 16. As axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social**

As axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social son prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual, subsidiarias e complementarias das axudas sociais previstas na lexislación vixente destinadas a atender situacións de urxencia sobrevidas que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poidan facer fronte a necesidades básicas.

#### **Artigo 17. Requisitos**

Para ser persoa beneficiaria dunha axuda para a recuperación en situacións de emerxencia social hai que cumprir os requisitos establecidos nesta ordenanza para a Renda Social de garantía mínima, así como os concretos para cada prestación, de ser o caso, coa excepcionalidade do tempo de residencia no concello, que para estas axudas terá que ser de 6 meses, así como do límite de ingresos esixido por unidade familiar de convivencia para poder percibir as axudas, que neste caso estará no 125% do IPREM vixente para cada ano, incrementado nun 10% por cada membro adicional ata un límite

do 175%.

Os requisitos deberán reunirse no momento da solicitude da axuda e manterse ao longo do período durante o que se está a percibir a prestación.

No suposto de que non cumpríndose algún dos requisitos esixidos haxa causas obxectivamente xustificadas, sempre e cando se poña en perigo o dereito á vida, á integridade física ou moral, ou á saúde, poderase percibir a prestación cunha valoración favorable da **COMISIÓN TÉCNICA DE VALORACIÓN**, na que se terán en especial consideración:

- os indicadores técnicos de privación ou carencia material severa definidos pola Enquisa Europea de Ingresos e Condicións de Vida, ou
- a existencia ou non de todos ou algún dos 4 factores básicos que inciden na pobreza e exclusión social (emprego/desemprego, educación, vivenda e saúde) combinados coa pertenza a algún dos grupos máis vulnerables (persoas sen fogar, con discapacidade, maiores, en situación de dependencia, poboación xitana, poboación inmigrante, vítimas de violencia de xénero, vítimas de discriminación por orixe racial ou étnica, orientación sexual e identidade de xénero, persoas con problemas de adiccións ou persoas ex-reclusas)

### **Artigo 18. Cobertura de necesidades básicas**

1. Cobertura de necesidades básicas de carácter xeral, alimentos, vestido e demais indispensables para a vida diaria.

A duración desta axuda será dun máximo de 6 meses nun período de 12 meses

Contía máxima subvencionable: 75% do IPREM, incrementado nun 12 %, polo primeiro membro adicional, nun 10%, polo segundo membro, e nun 8%, polos restantes membros  
Desta contía máxima subvencionable deducirase o resultado da diferenza entre os ingresos actuais da unidade familiar menos o alugueiro ata 350 €/mes.

2. Cobertura de gastos médico-sanitarios e farmacéuticos, incluídos gastos precisos para garantir a saúde buco-dental naquelas situacións non cubertas pola Seguridade Social e necesarias por saúde

A duración da axuda será dun máximo de 3 meses, podendo ser renovada en caso de que perdure a necesidade debidamente acreditada

Contía máxima subvencionable: 100% do custo, ata un máximo do 100% do IPREM fixado para cada ano

Requisito: informe médico ou análogo coa prescripción oportuna

### **Artigo 19.-Uso e mantemento da vivenda**

1. Fianza do alugueiro da vivenda

----

Duración unha única vez nun período de 12 meses

Contía máxima subvencionable: 100% do custo da fianza ata un máximo de 350 euros

2. Alugueiro da vivenda habitual, pagamento de habitación en vivenda compartida ou de cota de préstamo hipotecario

Duración máxima de 3 meses nun período de 12 meses

Contía máxima subvencionable: 100% do custo do aluguer ou da cota do préstamo, ata un máximo de 350 euros

3. Gastos de mantemento da vivenda habitual, pequenos arranxos na mesma cando se consideren imprescindibles para a permanencia no domicilio

Duración unha única vez nun período de 12 meses

Contía máxima subvencionable: 100% do custo da débeda xustificada, ata un máximo do 100% do IPREM fixado para cada ano

4. Equipamento básico da vivenda

Duración: unha única vez nun período de 12 meses

Contía máxima subvencionable: 100% do custo, ata un máximo do 125% do IPREM fixado para cada ano

A vivenda ha de estar situada no termo municipal de Ames

## **Artigo 20. Habitabilidade e pobreza enerxética**

A prestación concederase para sufragar:

1. Débedas por impagamentos puntuais por subministro de auga, luz e/ou gas,

Duración: unha única vez nun período de 3 anos

Contía máxima subvencionable: 100% do gasto dos recibos non pagados derivados da subministración dun máximo de 12 meses, ata un máximo do 100% do IPREM

2. Gastos asociados a altas de contratos de subministración nunha nova vivenda

Duración: unha única vez nun período de 3 anos

Contía máxima subvencionable: 100% do gasto, ata un máximo do 100% do IPREM

3. Gastos asociados a débeda de comunidade de propietarios por gastos ordinarios cando exista un requerimento por parte da Comunidade de propietarios ou risco de desafiuzamento por ese motivo

Duración: unha única vez nun período de 3 anos

----

Contía máxima subvencionable: ata o 90% do gasto , ata un máximo do 200% do IPREM

4. Gastos por endebedamento previo relacionado coa residencia real e efectiva da persoa solicitante (alugueiro, cotas hipotecarias e pagamento de habitación compartida ou establecementos residenciais colectivos)

Duración: unha única vez nun período de 3 anos

Contía máxima subvencionable: ata o 90% do gasto , ata un máximo do 200% do IPREM

Nestes dous últimos supostos a concesión da prestación quedará condicionada á permanenza no domicilio habitual, evitando situacións de desafiuzamentos, acreditando algunha das seguintes circunstancias:

- que a débeda quedaría cuberta por dispor do 10% restante para solventala
- que a débeda quedaría cuberta por dispor de apoios económicos (familia extensa, rede de apoio, outras axudas públicas ou de entidades de iniciativa social...)
- que existe acordo factible coa parte acreedora para aboar o importe de débeda restante

## **Artigo 21. Desenvolvemento de actividades de inserción socio-laboral e educativas**

1. Asistencia a cursos de formación (matrícula, material, transporte...)

Duración: unha única vez nun período de 12 meses, salvo o transporte que será en tanto perdure o curso

Contía máxima subvencionable: 100 % do curso ata un máximo do 100% do IPREM

2. Ensinanzas regradas non obrigatorias .- límite máximo de 400€, condicionada a que formen parte do itinerario de inclusión elaborado polos Servizos Sociais e coa obriga de solicitar as becas que existan para o curso seguinte.

## **Artigo 22 . Transporte**

Únicamente para aqueles casos de grave risco de exclusión social, podendo facilitar por este concepto o pagamento da expedición da tarxeta metropolitana, así como a primeira recarga anticipada mensual (en función das viaxes a realizar no mes, atendendo a plan de traballo que se esté levando a cabo)

## **Artigo 23. Outros gastos excepcionais**

Gastos excepcionais destinados a previr a marxinação e favorecer a normalización dos individuos e familias no seu contorno de convivencia.

A valoración desta axuda será sometida á **COMISIÓN TÉCNICA DE VALORACIÓN**, a cal determinará as características da axuda solicitada atendendo aos requisitos deste regulamento

#### **Artigo 24. Incompatibilidades**

1. As axudas municipais de inclusión para cobertura de necesidades básicas reguladas no artigo 18.1 desta ordenanza son incompatibles:

- coa renda municipal de garantía mínima da que sexa perceptora a persoa solicitante ou calquera outra da unidade de convivencia
- coa RISGA da cal sexa perceptora a persoa solicitante ou calquera outra da súa unidade de convivencia, coa salvedade do suposto no que non se esté a percibir o complemento de alugueiro. Neste caso, poderá compatibilizarse a RISGA coa axuda de inclusión para a cobertura de gastos asociados a aluguer, artigo 19.1 e 19.2
- con calquer outro ingreso outorgado para a mesma finalidade e do que sexa perceptora a persoa solicitante ou calquera outra da unidade de convivencia

O resto de axudas municipais de inclusión son incompatibles:

- coas axudas de inclusión social autonómicas para a mesma finalidade, sendo as axudas municipais subsidiarias das autonómicas.
- con calquer outro ingreso outorgado para a mesma finalidade á persoa solcictante ou a calquer outra da unidade de convivencia.

Todas as axudas municipais de inclusión son compatibles entre elas

En ningún caso , a persoa solicitante poderá ser, anualmente, beneficiaria dunha axuda municipal de inclusión social igual ou superior aos 3.000 euros .

#### **Artigo 25. Obrigas; tramitación; resolución e pagamento**

Serán de aplicación, na medida que sexa posible, a efectos de obrigas, tramitación, resolución e pagamento, as normas previstas para a renda social municipal de garantía mínima

Excepcionalmente para as axudas do artigo 18.1 , os servizos sociais do concello elaborarán nun prazo máximo de 10 días, dende a achega de toda a documentación, o informe e proposta de resolución, e logo da resolución poderá ser efectuado o pagamento de xeito inmediato

#### **Artigo 26. Xustificación**

Cada axuda xustificarse por medio das correspondentes facturas e /ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou

----



con eficacia administrativa e, no seu caso, mediante a documentación acreditativa do pagamento, dentro do prazo máximo de dous meses posteriores a cada pagamento.

### **Artigo 27. Reintegro; suspensión, revisión e extinción; e infraccións e sancións.**

Serán de aplicación, na medida que sexa posible, a efectos de reintegro, suspensión, revisión, extinción, sancións e infraccións as normas previstas para a renda social municipal de garantía mínima

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

A Alcaldía -Presidencia, ou concelleiro/a en quen delegue, é o órgano facultado para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación desenvolvemento e aplicación desta ordenanza

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

En todo aquilo non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na normativa vixente.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Esta ordenanza derroga a ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social municipal do Concello de Ames aprobada en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2015 .

### **DISPOSICIÓN FINAL**

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

## SOLICITUDE DE RENDA SOCIAL DE GARANTÍA MÍNIMA / AXUDAS PARA A RECUPERACIÓN EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

**•DATOS DO/A SOLICITANTE**

<b>Nome e apelidos:</b>			<b>D.N.I.:</b>
<b>Data nacemento:</b>	<b>Lugar nacemento:</b>	<b>Sexo:</b> Home <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/>	<b>Estado Civil:</b>
<b>Enderezo:</b>			<b>Código Postal:</b>
<b>Teléfono:</b>			
<b>Réxime de tenza da vivienda:</b> Propiedade <input type="checkbox"/> Alugada <input type="checkbox"/> Outras <input type="checkbox"/> .....			

**•DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL**

<b>Nome e apelidos:</b>	<b>D.N.I.:</b>
<b>Enderezo:</b>	<b>Código Postal:</b>
<b>Relación co interesado/a:</b>	<b>Teléfono:</b>

**•MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA**

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	GRAO DE PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE

**DECLARACIÓN**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados na presente solicitude e quedo informado/a da obriga de comunicarlle ao Departamento de Servizos Sociais deste Concello calquera variación que poida producirse. Son consciente de que a ocultación ou falsidade destes datos implicará o impedimento da tramitación da solicitude.

Ames, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Sinatura

----

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES**

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR**

- Impreso normalizado de solicitude, debidamente asinado polo/a solicitante da axuda ou representante legal.
- Documento identificativo do/a solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia.
- Libro de familia ou documento que acredite a filiación, de ser o caso.
- Sentenza de separación ou divorcio, ou convenio regulador ou documento regulador das relacións paterno-filiais, de ser o caso.
- Copia do contrato de aluguer ou do préstamo hipotecario, e os últimos xustificantes de pagamento, ben do aluguer ou da hipoteca.
- Certificado de empadramento e de convivencia no que conste a data da alta. O certificado será solicitado á oficina xeral municipal por parte dos Servizos Sociais do Concello.
- Informes médicos actualizados no caso de que a persoa solicitante e os familiares que formen a unidade de convivencia necesiten xustificar as súas limitacións físicas, psíquicas e/ou sensoriais.
- Certificado de grao de discapacidade e/ou grao de dependencia, de ser o caso.
- Certificado de vida laboral de todas as persoas integrantes da unidade familiar en idade laboral
- Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e todos os membros da unidade familiar expedidos polo organismo, empresa ou entidade polo que os perciba. Naqueles casos nos que careza de documentación acreditativa, asinarase unha declaración responsable de ingresos.
  - follas de salario do ano en curso de todos os membros da unidade familiar que perciban haberes
  - certificación de percibir ou non prestación económica do Servizo público de emprego
  - certificación de percibir ou non prestacións ou pensións da Seguridade social
  - copia da declaración do I.R.P.F. do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude, de todos os membros da unidade familiar en idade laboral. No caso de non estar na obriga de presentala, certificación negativa da axencia estatal da administración tributaria. A persoa solicitante poderá presentar unha autorización aos servizos sociais por parte de todos os membros da unidade familiar de convivencia para acceder aos datos sobre o imposto sobre a renda das persoas físicas, o que lle eximirá de presentar os anteriores documentos.
  - certificado das entidades bancarias, nas que confiasen as contas ou depósitos, sobre o saldo medio existente nos 3 meses anteriores á petición da axuda
- Último recibo abonado do IBI e IVTM (no caso de ser titulares de bens).O certificado será solicitado á oficina de recaudación por parte dos servizos sociais do Concello.
- Informe de recadación municipal de estar ao corrente coas obrigas fiscais municipais. O informe será solicitado por parte dos Servizos Sociais do Concello.
- Declaración da persoa interesada de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade social.
- Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto polas distintas administracións públicas competentes ou institucións privadas
- Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben de ser orixinais, así como o xustificante do custo ou orzamento nos casos que proceda
- Impreso normalizado de autorización de transferencia bancaria aos efectos do abono da axuda correspondente, de ser o caso.
- Impreso debidamente cuberto e asinado de autorización da delegación de pago naqueles casos que proceda.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES**

**DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE SOBRE AS OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA DA RENDA SOCIAL DE GARANTÍA MÍNIMA OU DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA A RECUPERACIÓN EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL**

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Por medio da presente declaración considérome informado/a e manifesto a miña conformidade co que de seguido se expresa:

1. Teño a obriga de destinar a axuda ao fin para que me foi concedida.
2. Teño a obriga de acreditar ou xustificar a realización da actividade subvencionada e de cumprir os requisitos e condicións que determinaron a concesión e o goce da axuda.
3. Teño a obriga de permitir e facilitar a actuación dos servizos sociais para avaliar a situación e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que se concedeu.
4. Teño a obriga de comunicar calquera variación que se produza na situación socio-económica e familiar.
5. Son coñecedor/a de que a falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados, así como a non xustificación total ou parcial da axuda, ou o feito de destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de 2 anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.
6. No caso de que incumpra algunha das obrigas establecidas, o Concello procederá a revogación da subvención e quedarei obrigado/a a reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do pagamento da subvención ou axuda que me foi concedida.
7. Nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o custo da actividade para a que solicito a axuda, teño a obriga en reintegrar o exceso ao Concello.

Ames, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES**

**MODELO AUTORIZACIÓN SOLICITUDE DE DATOS TRIBUTARIOS**

De conformidade co previsto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, e nos termos e cas garantías que se establecen no artigo 2.4 da Orden de 18 de novembro de 1999,

**AUTORIZO** ao Concello de Ames a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información tributaria que precise en relación á solicitude formulada para

\_\_\_\_\_.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do artigo 95.1. k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento da súas funcións.

**DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA:**

APELIDOS E NOME DO SOLICITANTE	D.N.I. / N.I.E.	SINATURA

**DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DO SOLICITANTE MAIORES DE 18 ANOS:**

PARENTESCO CO SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	DNI/NIE	SINATURA

Ames, a        de        de